



INSTRUCCIÓN RELATIVA AO CONCURSO DE TRASLADOS CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

O vindeiro 18 de febreiro publicárase no BOE e mais no DOG a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza pola que se resolve definitivamente o concurso de traslado para prazas vacantes entre funcionarios dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial da Administración de xustiza, anunciado mediante Resolución do 25 de xullo de 2019.

Conforme a referida resolución, dítanse as seguintes instrucións:

1.- Cesamentos

- Tramitación procesual e administrativa: 21 de febreiro de 2020.
- Xestión procesual e administrativa e mais auxilio xudicial: 25 de febreiro de 2020.

2.- Tomas de posesión

O persoal adxudicatario de prazas na mesma localidade onde presta servizos disporá de 3 días hábiles para a súa incorporación ao novo destino e de 8 días se hai cambio de localidade, e de 20 días hábiles ou un mes segundo a comunidade de procedencia.

Os prazos empezarán a contar dende o día seguinte á data do cesamento.

No caso de que un funcionario reingresado tome posesión antes das datas indicadas na praza doutro que tamén obtivo destino no concurso, este segundo cesará o mesmo día da toma de posesión do reingresado, empezando a contarlle nese momento o seu respectivo prazo posesorio.

3.- Formalización dos cesamentos e tomas de posesión

Tanto os cesamentos coma as tomas de posesión realizaranse na xefatura ou delegación territorial correspondente:

Xefatura Territorial da Coruña,
Servizo de Xustiza,
Praza de Luís Seoane, s/n,
Edificio Administrativo Monelos,
15008 A Coruña.





Tfno. 981184472/981184456

Xefatura Territorial de Lugo.

Servizo de Xustiza,

Rolda da Muralla, nº 70,

27071 Lugo.

Tfno. 982294308/982294360

Xefatura Territorial de Ourense.

Servizo de Xustiza,

Paseo da Habana, nº 79,

32004 Ourense.

Tfno. 988386408

Delegación Territorial de Vigo.

Servizo de Xustiza,

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 4º andar,

36201 Vigo (Pontevedra).

Tfno. 986817716/986817788

Por cuestión organizativas, a formalización da toma de posesión terá lugar entre as 9.00 e as 11.30 horas, mentres que a dos cesamentos se realizará entre as 11.30 e as 14.00 horas, de luns a venres.

No caso de ter que cesar nunha localidade na que o día 25 de febreiro sexa festivo, o funcionario cesará no día seguinte hábil.

No caso de cesar e tomar posesión na mesma localidade, ou en distintas localidades dunha mesma provincia, ambas as formalizacións poderanse facer o día da toma de posesión, sendo a data de formalización do cesamento a que corresponda de acordo coa resolución de adxudicación.

4.- Substitucións e comisións de servizo

1. O persoal funcionario titular que obtivo praza no concurso e que está desempeñando unha **substitución** en órganos desta comunidade autónoma poderá continuar na substitución ata que se incorpore (de forma efectiva) a persoa titular do posto ou finalice a causa que motivou a substitución, sempre que así o solicite previamente.

A dita solicitude deberá dirixirse por correo electrónico á Dirección Xeral de Xustiza (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) dentro dos tres días seguintes á publicación na intranet da presente instrución, conforme o modelo anexo.





2. O persoal funcionario titular que obtivo praza no concurso e que está desempeñando unha **comisión de servizos** en órganos desta comunidade autónoma poderá continuar na comisión de servizos na correspondente praza, sempre que así o solicite previamente no caso de que esta non fora adxudicada no concurso de traslados.

A dita solicitude deberá dirixirse por correo electrónico á Dirección Xeral de Xustiza (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) dentro dos tres días seguintes á publicación na intranet desta instrución, conforme o modelo anexo.

3. Exceptúase da posibilidade de permanencia na substitución ou comisión de servizos o persoal que obtivera unha praza no concurso de traslados como consecuencia do reingreso no correspondente corpo.

4. Ao persoal adxudicatario dunha praza no concurso que opte por continuar na substitución ou comisión de servizo non lle será de aplicación o prazo posesorio previsto no punto 2.

5.- Persoal interino

O persoal funcionario interino que ocupe unha praza que fose adxudicada no concurso cesará de conformidade co previsto no artigo 21 da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. De haber máis dun funcionario interino no mesmo órgano, o cesamento producirase aplicando os criterios de cesamento fixados no mesmo artigo.

6.- Desfrute de vacacións, permisos e licenzas

O persoal que obteña praza no concurso e se atope gozando de vacacións, permisos ou licenzas cesará o primeiro día natural tras o seu desfrute. Así mesmo, aqueles funcionarios que teñan concedido un permiso ou licenza pendente de gozar deberán solicitalo de novo no destino adxudicado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA

JUAN JOSÉ MARTÍN ÁLVAREZ

